

Ruta da Prehistoria



Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño

1. Os Castros

1.1. Castro do Porto de Baixo

Este xacemento castrexo foi descuberto no 1978 cando se facían unhas tarefas ilegais de extracción de area, algo moi frecuente naquela época. Poucos anos despois, aínda se extraían pedras da súa muralla, que eran utilizadas na ornamentación de muros e fachadas de vivendas particulares.

Coñécese como o Castro de Porto de Baixo porque neste lugar os veciños de A Graña (Carreira) amarraban as súas dornas, utilizando este emprazamento natural como porto de atraque, amarre e varadoiro.



Porto natural para os mariñeiros da Graña

O castro consta dunhas pequenas construcións totalmente soterradas, rodeadas dunha impresionante muralla que as protexe aproveitando a morfoloxía do terreo. Mide uns 90 x 40 m. e ten forma ovalada. Pola súa cara oeste, o mar actúa como defensa natural. Segundo os expertos, este poboado posiblemente estivo habitado entre os séculos IV ao II antes da nosa era. En decembro de 2004, fixéronse unhas pequenas escavacións para sacar á luz a súa grande muralla defensiva.



Detalle da muralla de pedra que protexe ao castro

Por similitudes con outros castros escavados, pódese dicir que estas xentes vivirían botando man dos moitos recursos que o seu enclave único lle ofrecía. Por unha banda, os recursos que procedían da pesca e do marisqueo constituían a dieta básica destas poboacións. De feito, a recolecta de pequenos moluscos debeu de ser unha labor cotiá no castro, xunto coa pesca dende pequenas embarcacións preto da costa. Por outro lado, a agricultura e a gandería era unha actividade común, pois nas proximidade os terreos existentes son aptos para desenvolver este tipo de tarefas.



Imaxe aérea do espazo que ocupa o castro

Cómo chegar

O castro de Porto de Baixo está situado no lugar de Anqueiro, xusto ao carón dunha pequena e fermosa cala na parte sur do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo. Pertence á parroquia de Carreira, aínda que está moi preto dos límites coa parroquia de Aguiño, sobre todo si se elixe o camiño cara o norte dende a Punta de Couso.

Coordenadas GPS: N42.32.322 - W09.02.029.



Muralla mirando cara a Lagoa de Vixán

1.2. Castro do Perico

É un xacemento habitacional que aproveita os abrigos rochosos naturais. Atopáronse na superficie restos cerámicos campaniformes clasificables no Calcolítico, aproximadamente entre 2200-1800 a.C. (Idade de cobre). Recoñécese un destes fragmentos porque presenta unhas decoracións a base dunha ampla franxa de 14 liñas paralelas puntilladas.



Exemplo de vasillas campaniformes

A Idade dos Metais supón un momento de transformacións na estrutura da sociedade, que comeza a volverse máis complexa coa aparición de elites poderosas, empezando así un proceso de xerarquización social.



Entorno do xacemento do Perico.

Como chegar

A Punta do Perico está situada ao norte de Punta Couso. Pódese chegar dende o centro de Aguiño percorrendo o litoral cara o norte. Este lugar sitúase fronte da actual conserveira Ángel López.

Coordenadas GPS: N42.31.224 - W09.02.475.

1.3. Castro da Cidá

O poboado castrexo encóntrase no coñecido como Monte da Cidá. Elixían espazos elevados porque eran máis difíciles de atacar e porque así tiñan unha vista privilexiada que prevía os posibles ataques por mar.

O castro estrutúrase arredor dun recinto superior a modo de acrópole que presenta unha forma ovalada de 40x30m, aproveitando os afloramentos graníticos da cume do monte. Polo Sur e Oeste un terraplén da paso a un segundo recinto ou "antecastro" delimitado por unha sucesión de parapeto-terraplén que defende o xacemento na zona máis accesible. Na zona Norte unha empinada ladeira actúa a modo de defensa natural. O aspecto negativo do xacemento ven dado pola actividade incontrolada de extracción de pedra que se fixo hai moitos anos na zona que ocupa o castro e que puido ter afectado ao xacemento. Encontráronse pedras pulidas, restos de cerámica e varias machadas.



Panorámica do Monte Castro ou Monde Cidá

A paisaxe que se observa dende o xacemento é impresionante xa que controla de maneira total todo o ámbito do parque natural. Debido ás escavacións furtivas, actualmente pode verse na zona máis alta, un pequeno tramo de muro que posiblemente pertence a unha vivenda castrexa de morfoloxía circular.



Detalle dunha vivenda castrexa circular

Como chegar

Situado na parroquia de Carreira, no municipio de Ribeira, os restos do castro do Monte da Cidá encóntranse xusto no cumio deste monte.


Coordenadas GPS: N42.33.686 - W09.00.687.

1.4. Parque periurbano de San Roque

Neste parque que está situado a carón dos restos encontrados do Castro da Cidá, levouse a cabo nos últimos anos unha reconstrución dos restos arqueolóxicos máis representativos da comarca, dos períodos Megalítico, Idade de Bronce e Época Castrexa. Así, realizáronse un conxunto de réplicas entre as que destaca o poboado castrexo, e outros elementos como túmulos, mámoas e menhires que eran os lugares onde enterraban ás persoas falecidas.



Réplica dun poboado castrexo



Réplica dun dolmen

Réplica dun menhir

Tamén existe unha mostra de cómo eran os debuxos e petróglifos da zona, que representaban os animais máis habituais da súa dieta, entre eles os moluscos.



Réplica dos petróglifos orixinais da zona

Encontramos tamén construcións de tempos máis recentes, como unha réplica do famoso pombal de Frións (Carreira).



Réplica do pombal tradicional

Como chegar

O Parque periurbano de San Roque está moi preto da Capela de San Roque, xusto detrás do Monte da Cidá, onde se atoparon os restos arqueolóxicos do Castro da Cidá.

Coordenadas GPS: N42.33.710 - W09.00.276.

2. As Pedras

Un dos elementos fundamentais da historia de Aguiño, que modelou o abrupto e ameazante paisaxe, son as pedras. As pedras foron os primeiros elementos de culto para o ser humano. Símbolo de poder, forza e perpetuidade, as súas delicadas formas e cores serviron para forxar a beleza costeira do pobo de Aguiño.

2.1. A Pedra da Rá

O miradoiro da Rá sitúase ao lado do Castro da Cidá. Está construído sobre unha pedra, chamada A Pedra da Rá. Recibe este nome porque adquire a forma deste animal.



Paneis indicadores

Sobre esta pedra elevouse unha estrutura onde poder apreciar unha das mellores panorámicas sobre o Parque Natural de Corrubedo, Lagoa de Vixán, Cabo Falcoeiro, e parte do Parque Natural das Illas Atlánticas.



Miradoiro da Pedra da Rá

No alto do miradoiro existe unha rosa dos ventos de pedra, que indica a dirección cardinal na que se atopa o visitante.



Panorámica dende o miradoiro

Coordenadas GPS: N42.33.592 - W09.00.939.

2.2. O Home de Sagres

Segundo conta a tradición, o "Home de Sagres" e o "Falcoeiro" querían obter o amor da "Forcadiña". Os dous xigantes pelexaron entre eles e o "Home de Sagres", máis forte e grande, arroxou dunha pancada a "Falcoeiro" cara as "Queixadas", preto de onde estaban a loitar. Naquel duro enfrontamento o "Home de Sagres" partiulle a lingua en sete anacos.

As moas do desafortunado "Falcoeiro" foron dar ao "Carreiro", e os cabeiros foron parar por fora dos "Prexeiros". Despois da loita, o "Home de Sagres" púxose a descansar.



Home de Sagres



Illa de Sagres

2.3. Pedra de O Noro


O escritor latino Avieno, no século IV d. C. escribe que os habitantes do litoral atlántico, os "oestrimnios", foron expulsados das súas terras por unha invasión de serpes, símbolo do pobo celta "saefe" que dominou o noroeste peninsular a partir do século VI a .C. Segundo conta a tradición, os invasores non contaban co feitizo que existía nas terras do Barbanza, polo cal todo atacante era convertido en pedra. Así, o xefe dos "saefes" tomou como namorada á "Forcadiña", muller do rei "oestrimnio", co fin de arranxar de forma pacífica a invasión. Desta relación naceu "Noro", e o xefe dos "saefes" converteríase no actual "Home de Sagres". As loitas entre os demais guerreiros deron lugar ás "Queixadas", as "Moas", etc.



Ao fondo, Noro, visto dende a Illa de Sálvora

2.4. Máis Pedras

O litoral de Aguiño posúe innumerables lugares onde se para o tempo. Moitas destas zonas conteñen pedras que conforman os máis belos paraísos arquitectónicos naturais. As pedras esculpidas polo mar, amosan a bravura das augas desta costa. Estas que se presentan son só unha pequenísima parte das pedras anónimas que se poden encontrar no litoral costeiro de Aguiño, e que son testemuña vivente da súa privilexiada existencia.



Pedra en Couso




Pedra na Punta do Perico

Coordenadas GPS (Pedra Couso): N42.31.209 - W09.02.321.

Coordenadas GPS (Pedra Perico): N42.31.224 - W09.02.475.



Pedra na Punta da Covasa



Pedra da Barca na Punta da Covasa

Coordenadas GPS (Pedra Covasa): N42.31.185 - W09.01.524.

Coordenadas GPS (Pedra da Barca): N42.31.185 - W09.01.524.



A dixitalización dos contidos incluídos neste documento foi cofinanciada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, así como polo Plan Avanza e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).